

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 11 de novembro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día once de novembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia de *D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo*, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *D. Santos Héctor Rodríguez Díaz*, *D. Gorka Gómez Díaz*, *Dna. Ana Laura Iglesias González*, *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, *Dna. María Ortega Iñarrea* e *Dna. Ana María Mejías Sacaluga* co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *D. Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, *D. Antonio Graña Gómez*.

Non asisten a lma. Sra. Presidenta *Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego*, o deputado *D. Carlos López Font*, nin a deputada *Dna. Noemí Outeda Prol*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32257.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 4 de novembro 2022.

2.32258.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DOS SERVIZOS PUBLICITARIOS CON RADIO PONTEVEDRA, S.A. PARA A ANUALIDADE 2023. (Expte.2022061934)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.



Por Resolución Presidencial de 23 de setembro de 2022 número 2022006769 foi aprobado o Plan de Comunicación 2023 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros Radio Pontevedra, S.A. como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do deputado delegado, propón, mediante informe de data 4 de outubro de 2022, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2023, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 125.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “*Publicidade e propaganda*” do orzamento provincial do 2023, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitiuse documento RCFUT1 nº 202200208644 por importe de 125.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “*Publicidade e propaganda*” do orzamento provincial do ano 2023, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Asemade, na memoria xustificativa de data 2 de novembro de 2022, (csv: FF5NZCODSBK2PJNN) o Xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 14 de outubro de 2022 solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación. O secretario xeral, con data 21 de outubro de 2022, informa favorablemente o expediente “*sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación e que exista un reparto equitativo entre os medios*”.



Con data 24 de outubro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que, con data 3 de novembro de 2022, informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.*

*Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”*

Tendo en conta o artigo 17 LCSP, que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta que o artigo 168 LCSP permite aplicar o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dos contratos de servizos, cando soamente poidan ser encomendados a un empresario determinado por razóns de protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, dos servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2023. O prazo de duración será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.



O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 125.000,00 €.

O valor estimado é de 103.305,79 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: F1889T6YS48BK8XP) e de prescricións técnicas (csv: YTALGDOUUN09LK66) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 125.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “*Publicidade e propaganda*” do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación Provincial ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF: A36005346), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

3.32259.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADXUDICADO Á EMPRESA COFOCYL, S.L., CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 2 DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA LEVAR A CABO A SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADE. (Expte. 2021024876)

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do día 1 de outubro de 2021 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade*”.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2021, adxudicou o lote número 2 (Palla picada) do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade á empresa COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794) polos seguintes prezos ofertados por tonelada de palla moída (€/TM):

Importe sen o IVE:	95,00 €
IVE (10 %):	9,50 €
Importe total ofertado:	104,50 €



Con data 19 de xaneiro de 2022, formalizouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794) con vixencia dun ano contado desde a data da súa formalización, establecéndose a posibilidade dunha prórroga por unha anualidade.

Con data 21 de setembro de 2022, a xefa do Servizo de Medio Ambiente emite informe no que se sinala que o incremento de cabezas de gando na Finca Mouriscade unido a que a recollida da manutención producida na propia finca non foi a adecuada e que os animais de entre 2 e 24 meses aliméntase basicamente con forraxe, determinaron que a estimación das necesidades de consumo de forraxe quedara escasa. Por este motivo propón a modificación do contrato do Lote nº2 da “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade”, polos prezos e valores ofertados recollidos no acordo de adxudicación, ao obxecto de incrementar nun 12,67% o prezo inicial do mesmo, o que implicará que o importe da modificación do contrato, ata o 31 de decembro de 2022, sexa de 1.985,50€ (sen IVE).

Con data 6 de outubro de 2022, o Xefe do Servizo de Contratación emite informe no que se sinala que *recibida no servizo de contratación con data 21 de setembro de 2022 a solicitude de incrementar nun 12,67% o prezo inicial do contrato co obxecto de incrementar a cantidade de palla picada para alimentar ás cabezas de gando vacún da Finca Mouriscade, plantéxase a necesidade de levar a cabo a modificación do contrato do Lote 2 da “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade” adxudicado á empresa COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794).*

*Realizada a valoración do custo da modificación proposta, considérase que non se están alterando as condicións de licitación do mesmo xa que as normas procedimentais e de publicidade establecidas por Lei se cumpren, o importe da mesma non supera o 20% do prezo inicial do contrato e as condicións do contrato no se varían e permanecen inalterables.*

*A valoración da modificación proposta é de 1.985,50 € (IVE engadido).*

*Polo anteriormente exposto, o técnico que subscribe entende que se podería levar a cabo a modificación do Lote 2 da “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade” co fin de acadar a satisfacción pretendida no obxecto do mesmo, unha vez sexan emitidos os informes correspondentes por parte da Secretaría Xeral e da Intervención.*

*Seguidamente a proposta de modificación deberá someterse a aprobación por parte do órgano de contratación competente que neste caso é a Xunta de Goberno.*

Tendo en conta que o Secretario da Deputación, en data 18 de outubro de 2022 préstalle conformidade á proposta de modificación do contrato de subministración de alimentación para o gando vacún da Finca Mouriscade da Deputación, informándose favorablemente.

Tendo en conta o informe de fiscalización favorable da Intervención, de data 3 de novembro de 2022.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e subministracións cuxo “valor estimado” supere o importe de 200.000,00€ nos contratos de obras e de 100.000,00 € no resto dos contratos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato para a “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé*” relativo ao Lote 2 (Palla picada), adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021, á empresa COFOCYL, S.L. (NIF: B- 47.432.794).

O incremento económico da modificación é de 1.985,50 € (IVE engadido ), non supera o 20% do prezo inicial do contrato e as condicións do contrato non varían e permanecen inalterables.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto por un importe máximo de 1.985,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/410.4120.221.13do vixente orzamento provincial.

As obrigas económicas que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro da presente modificación axustaranse aos prezos unitarios de adxudicación.

Tendo en conta o disposto no artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a empresa *COFOCYL, S.L. (NIF: B- 47.432.794)* debe reaxustar a garantía para que esta garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique o presente acordo de modificación, nun importe de 90,25 €.

4.32260.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA, G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 6 E 20 DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020.-2ª CONVOCATORIA”, DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE. (Expte. 20200031675). (Devogaran 2022033568)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª convocatoria) de axudas do FSE destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables*” (Expte. 2020031675).



Para responder da realización dos lotes 6 e 20 que compuxeron este servizo, a empresa G12 *Grupo Empresarial de Servizos, S.L.* (CIF.- B-36.993.509), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36993509)	6	4.145,20€	202100019558	04/02/2021
	20	2.907,00€	202100019548	

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución dos respectivos contratos de servizos consistentes na impartición da formación de diversos itinerarios, constando así no expediente, polo que proceden as devolucións das fianzas depositadas polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil G12 *Grupo Empresarial de Servizos, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes números 6 e 20 do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª convocatoria) de axudas do FSE destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables*” (Expte. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil G12 Grupo Empresarial de Servizos, S.L., por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de catro mil cento corenta e cinco euros con vinte céntimos (4.145,20 €), para responder do “*Lote 6*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100019558.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de dous mil novecentos sete euros (2.907,00 €), para responder do “*Lote 20*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100019548.

5.32261.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA, MAGNAFOR QUALITAS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 5 E 8 DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (3ª CONVOCATORIA), NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020”, COFINANCIADO POLO FSE AO 80% NO CONTEXTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE)” (Expte. 20210045563) (Devogaran 2022061326)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2022 (CSV.- E84XSM4DP1364JO3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. 2020045563).

Para responder da realización dos lotes 5 e 8 que compuxeron este servizo, a empresa *Magnafor Qualitas, S.L.* (CIF.- B-36.565.679), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATAS
MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36565679)	5	1.153,77€	202100033898	21/02/2022
	8	1.456,52€	202100033739	





Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpriu coa execución dos respectivos contratos de servizos consistentes na impartición da formación de diversos itinerarios, constando así no expediente, polo que proceden as devolucións das fianzas depositadas polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *MAGnafor Qualitas, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes números 6 e 20 do contrato de “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. Núm. 2020045563), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *Magnafor Qualitas, S.L.*, por resultar adxudicataria de ditos lotes que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en *METÁLICO*, por importe de mil cento cincuenta e tres euros con setenta e sete céntimos (1.153,77 €), para responder do “*Lote 5*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100033898.
- o A garantía definitiva constituída en *METÁLICO*, por importe de mil catrocentos cincuenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (1.456,52 €), para responder do “*Lote 8*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/02/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100033739.



6.32262.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE CABINAS UNITY DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.20200053197) (Devogaran 2022066586)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 14 de xaneiro de 2021 (CSV.- U6AS1OC26HEYEK0J), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020053197).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.* (CIF.- B-62758602), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.925,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100111064 de data 04/06/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2020053197), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXABANK, por importe de 2.925,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100111064.

7.32263-. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO

a) Vista a relación de facturas con número 2022066269 que contén 1 factura e por un importe de 1.215,00 €, e con CSV: X4BXPWTAT0JKJPTS, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/11/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	1.215,00 €
Descontos do IRPF .....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	1.215,00 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2022066276 que contén 23 facturas e por un importe de 32.403,65 € e con CSV: Y0PAHH4J4VTSXZK8, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/11/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	30.911,17 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.492,48 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	32.403,65 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



8.32264.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS E LESIÓNS NO CONCELLO DO TOMIÑO (Expte. 2022033935)

Dada conta que con data de rexistro 06/05/2022 (núm. rex. 2022012631), o *Concello de Tomiño* traslada a esta Deputación expediente de responsabilidade patrimonial seguido a instancia de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Gómez Balado por danos e lesiós padecidas por mor dunha caída, o día 07/02/2022, a consecuencia, segundo manifesta, da presenza dun poste na beirarrúa da estrada E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, no Concello de Tomiño, non constando o importe total reclamado.

Resultando.- Que con data 16/05/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu o día 19/05/2022, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-3102 TOMIÑO – SABARÍS, na beirarrúa da marxe dereita do p.q. 0+120. Dito punto quilométrico pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra. SEGUNDO.- Segundo a explicación da reclamante, a caída foi ocasionada pola existencia dun poste que se localiza no centro da beirarrúa, facéndose un esguince no nocello. O poste se ve dende lonxe e leva instalado moitos anos (como di o informe municipal, dende tempos inmemorables).*



*Considérase que o estado da beirarrúa non é tal como para supoñer un risco, e que dentro do dereito de utilizar os servizos públicos debe de estar o deber de facelo con atención, dilixencia e responsabilidade, de xeito que aínda que a caída se producira nesta localización, a causa desta non obedece ó estado da beirarrúa, senón á falta de atención do usuario da mesma.*

*TERCEIRO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia desta nin de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa.*

*Non hai sinalización advertindo do perigo.*

*M<sup>a</sup>. Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo, pois a forza causacional débese única e exclusivamente á actitude temeraria da accidentada, posto que:

- A caída produciuse a plena luz do día, sendo o poste que di ter producido os danos perfectamente visible, existindo mais espazo para pasar.
- Segundo o relato da reclamante, trátase dunha zona moi concorrida pola que pasan moitos nenos ó colexio, xente á área deportiva, ao cemiterio e á igrexa, sen que ninguén mais tivera sufrido ningún percance polos mesmos feitos.
- Á vista dos anteriores puntos, todo parece indicar que a reclamante non ía o suficientemente pendente da súa deambulación, xa que prestando unha mínima atención resulta a todas luces imposible non visualizar o poste.
- Consta no expediente informe do operario municipal do servizo cuxo funcionamento ocasionou os danos, no cal manifesta que o poste é perfectamente visible de lonxe e que se atopa no lugar dende tempos inmemorables.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, considérase que o estado da beirarrúa non é tal como para supoñer un risco, e que dentro do dereito de utilizar os servizos públicos debe de estar o deber de facelo con atención, dilixencia e responsabilidade, de xeito que aínda que a caída se producira nesta localización, a causa desta non obedece ó estado da beirarrúa senón á falta de atención do usuario da mesma.
- Asemade, a Resolución desestimatoria ditada pola Alcaldesa do Concello de Tomiño, recolle, entre outros fundamentos, o seguinte:  
*(...) En canto á relación causal necesaria entre o dano e o servizo público, a reclamación non permite establecer o substrato fáctico preciso para imputar a responsabilidade á Administración posto que non facilitou elementos de proba suficientes que sustenten que a caída tivo lugar como consecuencia do funcionamento do servizo público. Neste caso, tal e como confirma o operario municipal, o poste que se di causante da caída atópase alí dende tempos inmemorables.*



*Unha imperfección do pavimento ou neste caso un poste que se atopa no medio da beirarrúa pero que é perfectamente visible de lonxe, non é distinto a outros moitos que se producen habitualmente en tódolos municipios do estado e, por tanto, debe asumirse que non foi crebado o estándar de funcionamento dos servizos públicos e polo tanto o concello non ten responsabilidade dado que non existe, como xa se dixo, unha obriga universal da administración de responder polas caídas na rúa dos cidadáns sempre e en calquera caso, existindo sempre a posibilidade de caerse cando se camiña polas vías públicas, e ese risco teno asumido dende o momento que participa do servizo público usando as beirarrúas, as calzadas e tamén o é cando deambula fóra, sendo obriga do peón camiñar coa cautela requirida.*

- O domicilio da reclamante atópase próximo ó lugar da caída polo que é mais que probable que o coñecera perfectamente, así como a existencia do poste, tendo en conta que se atopa no lugar dende tempos inmemorables.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente da accidentada.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”



- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorprendente para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que D<sup>a</sup>. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

9.32265.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE TOMIÑO (Expte. 2021040471)

Dada conta que con data de rexistro 04/08/2021 (rex. núm. 2021018698) o Concello de Tomiño traslada a esta Deputación reclamación de responsabilidade patrimonial formulada D<sup>a</sup>. Manuela Cosquet Alonso por danos en vehículo producidos, segundo manifesta, a consecuencia das labores de desbroce que estaba a realizar un tractor no Barrio da Alpuxarra, *Concello de Tomiño*, o día 11/05/2021, e que foi cuantificada economicamente en 1.093,48 €.

Resultando.- Que con data 05/08/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 15/10/2021 co seguinte contido literal:

*Primeiro.- O lugar da reclamación correspóndese co p.q. 12 da E.P. 3102, pertencendo esta localización á Rede de Estradas Provinciais da Deputación de Pontevedra.*

*Segundo.- Os traballos de desbroce enmárcanse dentro das campañas programadas que se levan a cabo co Servizo de conservación de estradas. A empresa adxudicataria nesta zona é MISTURAS, Obras e Proxectos, S.A.*

*O desbroce da estrada referida E.P. 3102 realizouse entre os días 06/05/2021 e 12/05/2021.*

*Terceiro.- No momento do sinistro non houbo aviso do mesmo a este organismo nin á empresa encargada de realizar as tarefas de desbroce e, por tanto, non se tivo coñecemento da existencia dos danos reclamados.*

*Non hai constancia doutros accidentes polo mesmo motivo no mesmo lugar e nas mesmas datas.*

*Cuarto.- A sinalización colocada é a adecuada para este tipo de traballos: Sinalización de obras (TP-18), velocidade (TR-301), paso estreito (TP-17a) e maquinaria pesada na calzada. Se colocan en ambos sentidos do tramo no que se está a traballar. A maiores está a sinalización luminosa dos propios tractores e un vehículo con ponte de luz detrás dos mesmos durante a execución dos traballos.*

*María Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*





Resultando.- Que con data 14/10/2021, e de conformidade co establecido no artigo 4.1 c), emprazouse como interesada á empresa adxudicataria, Misturas, Obras e Proxectos, S.A., remitindo na data 05/11/2021 escrito de alegacións co seguinte contido:

*Primera.- Mostramos nuestra disconformidad con lo expuesto en el escrito de reclamación, en tanto, los hechos a que en el mismo se hace mención no permiten afirmar la necesaria relación de causalidad entre el evento dañoso y los trabajos desarrollados en el ámbito de ejecución del contrato del "Servicio de conservación da rede vial da Deputación de Pontevedra do Lote nº 3, zona Sur (Concellos: Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Porriño, Salceda de Caselas, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal, A Guarda, Pontearreas, Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, A Cañiza, Covebo, aRbo e crecente)", del cual Misturas, S.A. es adjudicataria.*

*Segunda.- La parte reclamante puede que haya sufrido unos daños valorables económicamente, pero no existe nexo causal de clase alguna (presupuesto imprescindible para declarar la responsabilidad de la representada) entre los daños cuya valoración se reclama y el deber de vigilancia y conservación que incumbe a la adjudicataria.*

*En efecto, de la documentación obrante en el expediente se desprende que no existe prueba fehaciente de la existencia de los hechos que se describen en la notificación practicada, sin que tampoco, sin que tampoco exista prueba alguna de ue aquél tuviera su causa principal o eficiente en la ejecución de los trabajos adjudicados a la representada. En este sentido ha de tenerse en cuenta que:*

- a) La representada ha realizado los trabajos adjudicados de acuerdo con los niveles de calidad exigidos en el contrato.*
- b) No existe un atestado ni de la Guardia Civil, ni de la Policía Local que ponga de manifiesto el hecho del accidente, el lugar exacto en que ocurrió, las circunstancias en que se produjo y los daños ocasionados.*
- c) Tampoco se ha puesto la reclamante en contacto con el personal de la empresa que realizaba el servicio, ni en el momento en el que ocurrieron los hechos ni tampoco con posterioridad.*

*Tercera.- De haberse producido los hechos en los términos indicados por la reclamante, esta se hubiera puesto en contacto inmediatamente con el personal que estaba efectuando el desbroce, quien una vez comprobada la existencia de la relación entre los daños y los trabajos que se estaban ejecutando, hubiera indicado a la supuesta perjudicada que repara el vehículo y que diera traslado a la adjudicataria de la correspondiente factura para proceder a su pago.*

*Cuarta.- Puesto que no consta a esta parte el importe reclamado en concepto de indemnización, no puede en este momento pronunciarse sobre la cuantía, la cual, en ningún caso procedería por los motivos expuestos en este escrito.*

*Por lo expuesto solicita que, teniendo por presentado este escrito, junto con su copia para dejar constancia de su presentación, se admita, teniéndose por formuladas en tiempo y forma oportunos, alegaciones en el expediente de responsabilidad patrimonial arriba referenciado para que, previos los trámites que correspondan, se dicte resolución por la que se acuerde desestimar la reclamación, declarando expresamente que no existe responsabilidad alguna por parte de Misturas, S.A., todo ello a los efectos legales que correspondan.*



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021006681 de data 10/11/2021, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, atestado policial ou calquera outro medio probatorio que permitira constatar a veracidade do relatado, ó non constar ningunha proba dos feitos no expediente salvo a declaración de parte realizada na instancia.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022000031, de data 05/01/2022, púxose fin ó período probatorio polo transcurso do prazo establecido para o mesmo na data 24/12/2021, sen que a interesada tivera achegado ningún medio probatorio ó efecto de acreditar os feitos relatados na súa instancia.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- Non houbo aviso do sinistro a este organismo nin á empresa encargada de realizar as tarefas de desbroce e, por tanto, non se tivo coñecemento da existencia dos danos reclamados.
- A sinalización colocada é a adecuada para este tipo de traballos: Sinalización de obras (TP-18), velocidade (TR-301), paso estreito (TP-17a) e maquinaria pesada na calzada. Se colocan en ambos sentidos do tramo no que se está a traballar.
- A maiores está a sinalización luminosa dos propios tractores e un vehículo con ponte de luz detrás dos mesmos durante a execución dos traballos.
- Segundo o alegado por Misturas, S.A., empresa adxudicataria dos traballos, non existe proba fehaciente dos feitos nin proba ningunha de que os danos tiveran a súa causa na execución dos traballos adxudicados.



- Segundo manifesta a adxudicataria os traballos foron realizados de acordo cos niveis de calidade esixidos no contrato.
- Asemade, manifesta que non existe un atestado nin da Garda Civil, nin da Policía Local que poña de manifesto o feito do accidente, o lugar exacto no que aconteceu, as circunstancias nas que tivo lugar e os danos ocasionados.
- Tampouco se puxo a reclamante en contacto co persoal da empresa que realizaba o servizo, nin no momento no que ocorreron os feitos nin posteriormente.
- Non hai constancia doutros sinistros pola mesma causa.

Considerando.- Que a reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non constando atestado nin dilixencias policiais de intervención no accidente, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal o informe do Servizo de Infraestruturas, así como as alegacións da empresa Misturas, S.A., constitúense coma elemento de xuízo idóneo, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Sequera sexa referencialmente, posto que aínda permanecemos na vía administrativa, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

*“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención.”*

E a teor do artigo 218 do citado texto:

*“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso.”*



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que non se tivo coñecemento dos feitos alegados na solicitude nin se proba pola parte reclamante a realidade fáctica descrita na mesma.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

10.32266.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS E LESIÓNS NO CONCELLO DO VILANOVA DE AROUSA (Expte.2022036789)

Dada conta que con data de rexistro 18/05/2022 (núm. rex. 2022013444), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D<sup>a</sup>. Mónica Movilla Martínez en representación do seu fillo menor de idade, D. Pedro Piñeiro Movilla, por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 14/05/2022, tras un tropezco e ir contra a parede da oficina do Oral de Vilanova de Arousa, na rúa Cruceiro, e cortarse a perna esquerda cunha parte rota da reixa de entrada, e que foi cuantificada economicamente en 2.635,98€.

Resultando.- Que con data 26/05/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Sr. Tesoureiro-Director do Oral para o seu traslado ó Xefe de Coordinación e Asistencia do Oral desta Deputación, que o emitiu o día 02/06/2022, co seguinte contido:

*Tal e como consta na solicitude de D<sup>a</sup>. Mónica Movilla, o incidente en cuestión se produciu presuntamente o sábado 14 de maio de 2022 sobre as 8 da tarde. Este servizo tivo constancia da súa existencia 4 días mais tarde, concretamente o día 18 de maio de 2022, momento no que D<sup>a</sup>. Mónica se dirixiu á oficina de Vilanova de Arousa para presentar o escrito que da orixe a este expediente.*

*En relación co número de accidentes producidos pola mesma causa, sinálase que esta é a primeira vez que se produce un incidente persoal con esta reixa, que se teña constancia.*



*Tamén se sinala que o incidente parece que se produciu coa guía da reixa de entrada da oficina de Vilanova de Arousa. Infórmase que dita reixa se atopa inutilizada e no mesmo estado dende mediados do ano 2020, intre no que, por mor dun golpe dun vehículo cunha barra que suxeitaba a reixa da porta da oficina, resultou forzada e non cumpriu máis a súa función, non apreciando ata o día de hoxe en ningún caso que tal situación puidera supoñer un perigo para os viandantes.*

*Martín Iglesias Ferreirós*  
*Xefe de Coordinación do Oral*

---

Resultando.- Que con data 27/05/2022, e con fundamento nos artigos 66, 67, 68.1 e 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriuse á interesada para que subsanara a instancia explicando a dinámica do accidente, por non estar claro como aconteceu o mesmo (tropezón, despiste, resbalón por algunha substancia deslizante...) remitindo escrito na data 09/06/2022, no que relata o seguinte:

*“El sábado 14 de mayo sobre las 8 de la tarde cuando mi hijo Pedro Piñeiro Movilla con DNI 35645784Q se encontraba paseando en compañía de unos amigos y bajando por la calle Rúa do Cruceiro hacia la calle Aromas de Leyenda en Vilanova de Arousa a la altura de la oficina del Oral tuvo un pequeño tropezón (no había ni baldosas rotas ni suelo resbaladizo ni nada que provocase el incidente) y en un intento de no caerse al suelo se fue contra la pared donde está la parte de la verja rota y como ésta está doblada hacia afuera ya que no está pegada a la pared le produjo la incisión contusa en la pierna izquierda con la consecuencia de una saturación en planos profundos de 2 puntos y un cierre de la herida con 8 puntos”.*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022006768, de data 23/09/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, a cuantificación económica do importe reclamado.

Resultando.- Que con data 18/10/2022, D<sup>a</sup>. Mónica Movilla Martínez presenta escrito no que cuantifica o importe reclamado en 2.635,98 €.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1<sup>a</sup> do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo, pois a forza causacional débese única e exclusivamente á actitude temeraria do accidentado, posto que:

- A caída produciuse a plena luz do día, sobre as 20 horas do día 14/05/2022.
- No informe do Xefe de Coordinación do Oral, relátase que esta é a primeira vez que se produce un incidente persoal con esta reixa, non apreciando ata o día de hoxe, en ningún caso, que tal situación puidera supoñer un perigo para os viandantes.
- Segundo o relato da propia reclamante, o seu fillo tivo un pequeno tropezo cando ía en compañía duns amigos, sen que existira no pavimento ningún elemento susceptible de producir a caída: “no había ni baldosas rotas ni suelo resbaladizo ni nada que provocase el incidente”.
- Este tropezo sen motivo, fixo que o menor fose chocar contra a parede na que se atopaba a reixa da porta da oficina do Oral.
- Á vista do sinalado nos anteriores puntos, todo parece indicar que a culpa do acaecido é unicamente da vítima, xa que tropezou sen que existira ningún obstáculo que entorpecera o seu normal camiñar, o que induce a pensar que de terse prestado unha mínima atención na deambulación, o incidente non se tería producido, pois a causa deste non obedece nin ó estado do firme nin ó estado da reixa senón unicamente á falta de atención e coidado do viandante, sendo obriga deste a de camiñar coa cautela requirida.

Considerando.- Que non se produciron outros danos pola mesma causa, e iso a pesares de ser unha zona frecuentada, xa que se trata da Oficina de Recadación do Oral, estando asemade contiguas, tanto a oficina OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) como a Aula CEMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxicas), o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente do accidentado, pois ninguén mais sufriu danos no lugar.

Considerando.- Que se acredita a causa de exoneración consistente na culpa da vítima, pois a propia reclamante reconece que *non había no pavimento ningunha baldosa rota, ningunha substancia resbaladiza, nin nada que provocase o incidente*. Cómpre aquí invocar o vello apotegma “a recoñecemento de parte, innecesiedade de proba”, neste caso por parte da Administración.

Para concluír, non se pode facer do carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial da Administración Pública unha especie de aseguradora universal de todos os danos que se produzan.



Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
  
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”*
  
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
  
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
  
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(..). Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.





11.32267.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PARA AMPLIAR O PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “COMMERCE INSIDE”, QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 70% DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2021 DAS LIÑAS DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS (ORDE ICT/951/2021, DE 10 DE SETEMBRO) NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte.2021048064)

O 7 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Commerce Inside”, dentro da Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo nº 38.31564) de aprobación del citado proxecto.

O 12 de abril de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión de axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Commerce Inside”, cun orzamento financiable por un importe de 1.097.350,00 € e 768.145,00 euros de subvención, sendo a distribución das aportacións a seguinte:

Distribución de la aportación	Orzamento
Aportación Ministerio	768.145,00 €
Aportación Deputación de Pontevedra (15% orzamento financiable+IVE)	395.046,00 €
Aportación Concellos (15% orzamento financiable)	164.602,50 €
TOTAL	1.327.793,50 €

Con data 30 de xuño de 2022, a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo comunica a esta institución a publicación do BOE o pasado 26 de xuño de 2022, do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte á situación de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da Illa de La Palma. A disposición adicional terceira, relativa á ampliación de prazos de execución de proxectos das liñas de axudas a mercados da Secretaría de Estado de Comercio, establece respecto a citada orde que “(.) se podrán modificar las resoluciones de concesión de subvenciones para ampliar los plazos de ejecución de la actividad subvencionada y, en su caso, de justificación y comprobación de dicha ejecución.”



Por outro lado, o artigo 38 da citada Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, establece que *“Las inversiones y gastos financiados previstos deberán realizarse en el plazo comprendido entre el 1 de enero de 2021 y el 21 de diciembre de 2022”*.

En consecuencia, tendo en conta o estado actual das licitacións realizadas no marco do proxecto procede solicitar ao órgano competente a ampliación do prazo do proxecto que se xustifica en base ao artigo 20.2.a) da citada Orde e a Disposición adicional terceira do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño.

Visto o informe da xefa do servizo de Turismo Rías Baixas de fecha 28 de outubro de 2022, no que conclúe que *“Teniendo en cuenta el estado actual de las licitaciones realizadas en el marco del proyecto procede solicitar al órgano competente la ampliación de los plazos del proyecto cuya memoria justificativa se adjunta en el expediente.”*

Visto o informe favorable de Intervención de data 31 de outubro de 2022.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o Ministerio de Industria Comercio e Turismo, a solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución das actuacións ata 30 de setembro de 2023 do proxecto “Commerce Inside” aprobado na convocatoria de 2021 de liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro), de acordo coa memoria xustificativa con Código Seguro de Verificación (CSV TKBJCXV2SNETAPE8).

12.32268.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 28/10/2022 (ACORDO Nº15.32227), EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DAS BASES DAS AXUDAS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS PARA O CURSO 2022-2023 (Expte.2022064900)

Por acordo adoptado na Xunta de Goberno celebrada o pasado 28 de outubro de 2022 apróbanse as bases que regulan a concesión de axudas de estudos para o curso 2022-2023.

Advertido un erro na tramitación das axudas de estudos universitarios, ao non incorporar no expediente a versión definitiva ditaminada pola Comisión Paritaria Mixta, ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar as bases que



regulan a concesión de axudas de estudos universitarios para o curso 2022-2023 non termos que determinan a continuación:

A) No apartado 2 relativo ao tipo de estudos substitúese o primeiro parágrafo polo seguinte:

*“Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así coma os estudos no estranxeiro de profesións reguladas recollidas no RD 889/2022, clasifícanse da seguinte forma, (...)”.*

Nese mesmo apartado engádese un segundo parágrafo, que di:

*“Os estudos universitarios no estranxeiro de profesións non reguladas, aboaranse cando se acredite que os estudos son susceptibles de obter a declaración de equivalencia.”*

B) No apartado 4, relativo á contía, engádese no cadro que fai mención aos sobresaíntes e matriculas de honra, ao final dese parágrafo o seguinte:

*(incluso cando neste curso o fillo/a non poda acceder á axuda de estudos da Deputación por ser beneficiario dunha bolsa).*

C) No apartado 5, sobre criterios para a concesión das axudas, elimínase o punto 10, relativo aos estudos no estranxeiro non homologados, ao quedar encadrados no segundo parágrafo do apartado 1, cambiando a numeración dos seguintes puntos.

D) No apartado 6.1, presentación de solicitudes, cambiase a data sinalada para estes efectos ata o 11 de novembro de 2022.

E) No apartado 6.1, presentación de solicitudes, subapartado b) de estudos superiores, cursos de posgrao ou másters fóra de domicilio, engadese a seguinte documentación xustificativa:

– *No caso de estudos no estranxeiro de profesións non reguladas, ademais, informe ou certificado da Administración correspondente que acredite que os estudos son susceptibles de obter a declaración de equivalencia.*

F) No apartado 6, presentación de solicitudes, ampliase a documentación xustificativa do punto 5, quedando redactado tal e como se recolle a continuación:

*6.5. Os casos de violencia de xénero xustificaranse con copia compulsada da sentenza xudicial firme ou acreditación desta situación polos organismos, recursos e servizos autonómicos competentes.*



### 13.32269.- COMUNICACIONES

Dar conta de sentenza levada polo servizo de Asesoría xurídica desta Deputación:

*Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario núm. 76/22, promovido polo CONCELLO DE O PORRIÑO, sobre concesión de subvención. (Expte.2022015608)*

Dada conta que con data 25 de outubro de 2.022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditada no procedemento ordinario núm. 76/22, promovido polo *Concello de O Porriño*, contra o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 25 de febreiro de 2022 polo que se inadmitiu a trámite por extemporáneo o recurso de reposición interposto polo *concello do Porriño* contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial na sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2021, que decidiu excluír ó citado Concello do procedemento de concesión das subvencións ao amparo da convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación *POSTCOVID 19. Programa REACPON*) que estima a demanda, ordenando anular a resolución impugnada e acorda a retroacción das actuacións ós efectos de que a Deputación dite nova resolución pola que, examinados os motivos de fondo, resolva de conformidade a dereito e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

Queda enterada a Xunta de Goberno do contido da mesma, ordenando a interposición dos recursos que contra ela procedan.

### 14.32270.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

